

## ÍNDICE

Segundo a Resolución do 27 de xullo de 2015 (DOG 29 de xullo) as programacións didácticas deberán conter os seguintes elementos:

Elementos da programación		Folla Nº
1.	Introdución e contexto do centro <a href="#">lr</a>	2
2.	Contribución ás competencias básicas <a href="#">lr</a>	6
3.	Concreción dos obxectivos para o curso <a href="#">lr</a>	10
4.	Concreción para cada estándar <a href="#">lr</a> 1º.- Secuenciación e Temporalización <a href="#">lr</a> 2º.- Grao de consecución da materia e procedementos e instrumentos de avaliación <a href="#">lr</a>	12
5.	Concrecións metodolóxicas <a href="#">lr</a>	21
6.	Materiais e recursos didácticos <a href="#">lr</a>	24
7.	Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción <a href="#">lr</a>	25
8.	Indicadores de logro para avaliar o proc. ensino e práctica docente <a href="#">lr</a>	30
9.	Organización actividades , seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes <a href="#">lr</a>	37
10.	Procedemento acreditación coñecementos previos <a href="#">lr</a>	37
11.	Avaliación inicial e medidas <a href="#">lr</a>	37
12.	Medidas de atención á diversidade <a href="#">lr</a>	38
13.	Concreción de elementos transversais <a href="#">lr</a>	40
14.	Actividades complementarias e extraescolares <a href="#">lr</a>	40
15.	Revisión, avaliación e modificación da programación <a href="#">lr</a>	41

## 1- INTRODUCCIÓN E CONTEXTO DO CENTRO [INDICE](#)

### 1.1- Características do centro.

#### a) Situación.

O I.E.S de Monterroso está situado no núcleo poboacional de Monterroso que limita ó norte cos concellos de Guntín e Palas de Rei; ó oeste con Palas de Rei e Antas de Ulla; ó este con Portomarín, Taboada e Guntín, e o sur con Taboada e Antas de Ulla.

A extensión do concello de Monterroso é de 114,6 Km<sup>2</sup> e sitúase no Suroeste da provincia de Lugo, practicamente no centro desta. É unha comarca eminentemente rural, aínda que cada vez faise máis apreciable o proceso de concentración urbano propio destes tempos.

O concello de Monterroso ten un total de 4529 habitantes. O núcleo urbano, con 1774 h, constitúe o 37,9% da poboación total, en comparación cos 22 núcleos rurais con menos de 100 h. que representan só o 31,1%. Nos últimos anos o concello sufriu unha perda de poboación debido ó envellecemento poboacional e a regresión do sector primario.

Desde o punto de vista socioeconómico o concello de Monterroso caracterízase polo elevado peso do sector primario, aínda que algunhas familias do núcleo urbano adícase ó sector servizos. Tamén hai pequenas industrias, que representan o 15% da actividade económica.

O Concello de Antas de Ulla, situado na provincia de Lugo a 45 kilómetros da capital provincial, ubícase no Centro Xeográfico de Galicia. Limita ó norte con Palas de Rei, ó sur con Taboada e a provincia de Pontevedra, no leste con Monterroso, e no oeste coa provincia de Pontevedra.

Situado na vertente norte da Serra do Farelo, a súa paisaxe, eminentemente marcada polo Monte Farelo (956 m) e o río Ulla, caracterízase por sinuosas montañas que rodean a conca do río, formando unha planicie de suave relevo cuberta por grandes extensións de árbores, sendo os máis característicos os carballos e castiñeiros.

Cunha superficie de 104 km<sup>2</sup> conta con 2600 h distribuídos en 28 parroquias que albergan uns 100 núcleos poboacionais.

A economía do municipio basease no sector primario, principalmente agricultura e gandería, que ocupa ó 60% da poboación activa. Compre subliñar a relevancia da gastronomía, con tres produtos que a lideran: o pan de Antas, o queixo da Ulloa e maila carne.

#### b) Centros adscritos.

A maior parte do alumnado que acude ao centro procede dos centros de primaria adscritos o noso IES, estes centros son:

- C.E.I.P. de Monterroso.
- C.E.I.P. de Antas de Ulla

Estas dúas poboacións están integradas dentro da comarca da Ulloa, marcada pola configuración natural do río Ulla, vértebra principal que inflúe na distribución territorial da poboación.

**c) Ensinanzas que oferta.**

Actualmente, no centro impártense as seguintes ensinanzas.

<b>ENSINANZAS</b>	Educación Secundaria Obrigatoria			Primeiro	
				Segundo	
				Terceiro	
				Cuarto	
	Educación non Obrigatoria	Bacharelato	Modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais	Modalidade de Humanidades	Primeiro e segundo
			Modalidade de Ciencias Sociais.		
		Modalidade de Ciencias			
Formación Profesional	Formación Profesional Básica “ <i>Informática de oficina</i> ” (Familia “ <i>Informática e Comunicacions</i> ”)			Primeiro e segundo	
	Ciclo Formativo de Grao Medio “ <i>Sistemas Microinformáticos e de Redes</i> ”			Primeiro e segundo	

**d)- Características singulares.**

O centro leva organizase dende o curso 2012/2013 con “Aulas Materias”, o que permitiu entre outras cousas a implantación das Bibliotecas de Aula. A avaliación positiva realizada dende entón animanos a continuar coa súa implantación e a mellorar este xeito de organizarnos.

Sen embargo, dende o curso 2020/2021, con motivo do Protocolo COVID-19 e a normativa establecida ó respecto, a organización do centro en función da aula materia, entre outras medidas novedosas adoptadas, deixouse en suspenso ata que unha situación de normalidade permita a súa restitución.

O IES de Monterroso leva dende o ano 2009 no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares.

En xuño de 2010 participamos no concurso a nivel nacional “ Boas Prácticas na Biblioteca Escolar” onde acadamos un segundo premio na modalidade de Ensino Secundario.

Funciona unha “Biblioteca Familiar” que achega títulos relacionados coa educación e a

aprendizaxe ás nais e pais do noso alumnado. Este curso funcionaron catro clubs de lectura, dos de rapaces e un de pais/nais, onde o profesorado, os pais/nais e xente do pobo nos mesturamos para desfrutar da lectura. Na sala do profesorado hai unha biblioteca activa onde o profesorado intercambia e presta os seus títulos preferidos.

Participamos no Plan Abalar.

O centro ten unha sección bilingüe en matemáticas na ESO.

Traballamos co programa para a prevención do acoso escolar “Titoría entre iguais” e neste curso iniciamos o programa “Educación Responsable” un programa formativo en intelixencia emocional para alumnado e profesorado que combinamos cos outros programas nos que intervimos.

No noso centro funciona un equipo de alumnado mediador que participa nos “Encontros anuais do Alumnado Mediador” organizados en Galicia dentro do programa “Vivir xuntos, convivir”.

Dentro dos “Contrato programa” organizamos diversas actuacións: o programa PROA de atención ao alumnado fora do horario escolar; os “Encontros coas familias” nos que organizamos charlas e obradoiros co fin de achegarnos ás familias e reflexionar xuntos sobre a educación dos adolescentes. facer un intercambio construír e enriquecer a comunidade educativa; distintos obradoiros de relaxación, técnicas de estudo, encontros con persoeiros galegos, etc...

As actividades propostas serán reflectidas na páxina do centro:

<http://www.edu.xunta.es/centros/iesmonterroso/>

## **1.2- Características do alumnado.**

Este centro é o único da vila polo que todo o alumnado escolarízase nel.

Os fillos de funcionarios do centro de penitenciaría chegan de todas as rexións ata aquí. Tamén obsérvase un fluxo de emigrantes retornados procedentes do País Vasco e Cataluña. O mesmo tempo, cada ano estase a producir un incremento de inmigrantes procedentes de Portugal e Sudamérica.

Outra institución que aporta alumnado a este centro é a “Casa de Acollida” de menores que atende a menores en situación de desprotección e leva funcionando dende fai moitos anos.

Todas estas familias envían os seus nenos ao único instituto do pobo, o IES de MONTERROSO, o que contribúe á singularidade e riqueza cultural do noso alumnado.

Achéganse, tamén, ao noso centro educativo, rapaces de concellos fronteirizos, Taboada e Portomarín.

**Lingua materna dominante.** O alumnado escolarizado no centro é maioritariamente galego falante.

### **Alumnado con NEAE no curso actual.**

Un dos aspectos máis salientables é a diversidade inherente as características individuais de cada alumno e alumna. Esta diversidade maniféstase nas diferentes formas de pensar e proceder máis ou menos indutivas, dedutivas, creativas, críticas...É facilmente contrastable a diferenza no dominio dos coñecementos previos que facilitan a adquisición de aprendizaxes de niveis superiores. Tamén son diversos, entre o alumnado, os contidos de estudo, os métodos de traballo e os niveis de interese e motivación, situación que se fai máis evidente co paso do tempo. Igualmente, son diferentes na capacidade de centrarse no traballo e na cantidade e calidade dos contidos de aprendizaxe.

No centro tamén se escolariza alumnado procedente de minorías étnicas e culturais.

Ademais, das características diferenzas inherentes á totalidade do noso alumnado, podemos sinalar a escolarización no centro de alumnado con Necesidades Educativas Específicas de Apoio Educativo. Dentro desta categoría no curso actual está escolarizado o seguinte alumnado:

- ✓ **Alumnado con necesidades educativas especiais, asociadas a alteracións do comportamento por presentar TDAH.**
  
- ✓ **Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo derivadas de condicións persoais ou historia escolar asociadas con:**
  - **Pertenza a minorías étnicas, situación sociocultural desfavorable e atraso escolar. .**
  - **Situación sociocultural desfavorable e medidas de protección e tutela.**
  - **Situación sociocultural desfavorable grave.**
  - **Alumno con sospeitas de acoso escolar.**
  - **Problemas de saúde.**
  - **Alumna con antecedentes de longa hospitalización.**

**Os problemas sociais detectados son:** abandono escolar, absentismo, familias desestruturadas, alumnado de integración tardía. De xeito puntual obsérvanse casos de acoso escolar.

Aparte da labor docente, consideramos moi importante a influencia que os docentes exercemos como modelo e guía, nesta etapa tan complexa que é a adolescencia, xa que isto posibilita que as perspectivas do alumnado se amplíen e enriquezan.

## 2- CONTRIBUCIÓN Ó DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE [INDICE](#)

Segundo o establecido na Orden ECD/65/2015, de 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato as competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego.

Na Orde de 21 de xaneiro establécense que todas as áreas ou materias do currículo deben participar no desenvolvemento das distintas competencias clave do alumnado. Estas competencias do currículo son as seguintes:

- a) Comunicación lingüística.
- b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- c) Competencia dixital.
- d) Aprender a aprender.
- e) Competencias sociais e cívicas.
- f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
- g) Conciencia e expresións culturais

A materia Historia da Filosofía para 2.º de Bacharelato potencia especialmente o o desenvolvemento das seguintes competencias clave

☞ **Comunicación lingüística**

☞ **Competencia dixital**

☞ **Conciencia e expresións culturais**

☞ **Competencias sociais e cívicas**

☞ **Fomento da aprendizaxe autónoma (aprender a aprender).**

Evidentemente, o resto das competencias tamén deben ser obxecto de desenvolvemento. De feito, a materia toda ela, en conxunto e como principio metodolóxico debe fomentar un sentido da iniciativa e un espírito crítico e emprendedor, moi lonxe de posturas acomodaticias, prexuízosas, ou estandarizadas. Por iso, e para concretar a contribución desta materia o desenvolvemento das competencias clave no Bacharelato, procedemos a explicar esa contribución:

### **Comunicación lingüística**

A competencia lingüística é, naturalmente, outra das capacidades que ha de desenvolver no estudo da Historia da Filosofía. As disertacións, argumentacións, análises de textos relevantes, definicións de

termos, diálogos, exposicións orais e escritas, ensaios filosóficos, etc e a comprensión con rigor conceptual dos textos que debe estudar, así como a expresión das ideas asimiladas e a procura de información noutras fontes, sexan libros ou artigos de revistas científicas ou nas novas tecnoloxías, esíxenlles e ao mesmo tempo capacítalles para o desenvolvemento desta competencia..

### **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**

A competencia matemática e a competencia crave en ciencia e tecnoloxía non son alleas ao estudo da Historia da Filosofía. Aínda que non son utilizadas do mesmo xeito en todas as parcelas da materia, nesta establecerase o impulso realizado neste ámbito do coñecemento dende a orixe da Filosofía por figuras como Tales de Mileto ou Pitágoras. Posteriormente explicarase a aportación da Filosofía no proceso de independencia e autonomía desta disciplina como ciencia autónoma e independente.

### **Competencia dixital**

A competencia dixital é así mesmo requirida na procura de información que pode resultar esencial especialmente coa consecuente abundancia de información e de recursos audiovisuais que se van a utilizar no desenvolvemento da materia. Estes recursos poden complementar de modo substancial os textos e imaxes que ofrecen os libros de texto convencionais.

### **Aprender a aprender**

A competencia aprender a aprender facilita ao alumnado comprender e controlar os procedementos implicados, precisamente, nos procesos cognitivos da aprendizaxe. De maneira que poida interactuar con estes procesos corrixindo e obtendo un maior rendemento e aproveitamento dos seus recursos cognitivos.

### **Competencias sociais e cívicas**

As competencias sociais e cívicas son tamén propiciadas de modo esencial polo estudo da Historia da Filosofía por canto esta ciencia ilustra de forma importante as inquietudes que subxacen nas relacións sociais. Un coñecemento da historia en xeral, e fundamentalmente da filosofía, implica unha sociabilidade máis eficiente ó mesmo tempo que é garantía de superación de conflitos interpersonais.

### **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor**

No estudo da Historia da Filosofía habemos de sinalar que a primeira competencia que facilita é o sentido de iniciativa e espírito emprendedor, por canto esta competencia implica a capacidade de transformar as ideas en actos. No recorrido pola historia do pensamento humano se algo prevalece é precisamente a iniciativa e o espírito emprendedor de todas as persoas que contribuíron ó avance do pensamento, da ciencia e do coñecemento en xeral. Tratarase de adquirir conciencia da situación ó longo da historia, intervir ou resolver e saber elixir, planificar e xestionar os modelos de pensamento traballados, as destrezas ou habilidades e actitudes necesarios con criterio propio, co fin de alcanzar o obxectivo previsto.

## Conciencia e expresións culturais

Finalmente a competencia de conciencia e expresións culturais está moi presente nesta materia por canto que os condicionamentos sociais son esenciais na configuración da Historia da Filosofía . Deste xeito a materia contribúe significativamente ó desenvolvemento destas competencias facilitando unha comprensión e sintonía con diferentes modos culturais que explican aspectos esenciais do pensamento e coñecementos das persoas.

A propia complexidade, inscrita de seu no propio ser humano, faise visible na súa capacidade de relación con outros saberes, sinaladamente coa matemática, a física, a ética, a antropoloxía, a socioloxía etc. Trátase dunha materia que, dada a súa riqueza de contidos e amplitude de horizontes, pode converterse en paradigmática para a adquisición da maior parte das competencias clave.

Outro aspecto salientable da materia de Historia da Filosofía é o tratamento dos elementos transversais que corresponden ao bacharelato, destacando nomeadamente a comprensión e a expresión orais e escritas en todos os bloques da materia, ou o uso das tecnoloxías da información e da comunicación como elemento transversal no propio currículo da materia, entre outros.

Esta metodoloxía pasa pola xeración de tarefas ou situacións-problema, suscitadas cun obxectivo concreto, que o alumnado debe resolver facendo un uso axeitado de distintos tipos de coñecementos, destrezas, actitudes e valores, sen deixar de pensar no respecto polos diversos ritmos e estilos de aprendizaxe, mediante prácticas de traballo individual e cooperativo. Agora ben, esta metodoloxía require, pola parte docente, unha reflexión e unha revisión permanentes da súa tarefa e a procura, tamén decidida, de criterios comúns e consensuados que permitan, finalmente, abordar un tratamento integrado das competencias, facendo unha realidade palpable a construción colaborativa do coñecemento.

Para concretar algo máis esa contribución no apartado nº 5 establécense que competencia clave se traballará para cada un dos estándares de aprendizaxe. Para iso na táboa utilizaranse as seguintes abreviaturas:

<b>CCL</b>	<b>Comunicación lingüística</b>
<b>CMCCT</b>	<b>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia a tecnoloxía</b>
<b>CD</b>	<b>Competencia dixital</b>
<b>CAA</b>	<b>Competencia aprender a aprender</b>
<b>CSC</b>	<b>Competencias sociais e cívicas</b>
<b>CSIEE</b>	<b>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</b>
<b>CCEC</b>	<b>Conciencia e expresións culturais</b>



### 3- CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS INDICE

A presenza da materia de Historia da Filosofía no 2º curso de Bacharelato, e por tanto no marco xeral das probas para o acceso á Universidade, figura na **Orde 19 abril de 2018**. Nesa orde estableceuse a materia de Historia de Filosofía como materia troncal obrigatoria para o itinerario de Humanidades e Ciencias Sociais.

Por iso esa materia debe desenvolverse acorde cos obxectivos específicos de dita materia, os obxectivos xerais do bacharelato e os establecidos para as ABAU (Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro, BOE do 3 de xaneiro de 2015; Decreto 86/2015, de 25 de xuño, DOG do 29 de xuño de 2015). Por outra banda, as novidades legislativas introducidas a finais de decembro do ano 2016 e comezos do ano 2017 (Orde ECD/1941/2016, de 22 de decembro, BOE do 23 de decembro de 2016; Resolución da Consellería de Educación que adapta dita Orde á nosa Comunidade Autónoma). obrigan a modificar os obxectivos, os contidos, os criterios de avaliación e o modelo de exame.

O Bacharelato contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas unha serie de capacidades que lles permitan a consecución dun conxunto de obxectivos que teñen como finalidade proporcionarlle ó alumnado formación, madureza intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. Así mesmo, capacitará o alumnado para acceder á educación superior.

Tendo en conta eses obxectivos xerais de etapa, a materia de Historia da Filosofía de 2º de Bacharelato concretará, para este curso, os seguintes obxectivos:

- a. Esta materia ten como meta que o alumnado sexa capaz de pensar e comprender, abstraéndose racionalmente do campo concreto estudado en cada unha das outras materias, para centrarse naquilo que caracteriza especificamente a filosofía, isto é, **reflexionar, razoar, criticar e argumentar**.
- b. Ser capaz de formular preguntas radicais sobre os problemas referidos á totalidade da vivencia humana, e iso sen deixar de lado a súa capacidade de transformación e cambio tanto do individuo coma da sociedade.
- c. A materia debería permitir configurar un xeito de entender e de enfrontarse á realidade que nos rodea, ás circunstancias nas que vivimos e que, en boa medida, comprender como somos. Por iso, esta materia persegue como obxectivo principal a comprensión por parte do alumnado de si mesmo e do seu mundo, dotándoo para iso de ferramentas cognitivas tanto teóricas coma prácticas.
- d. No plano teórico, o alumnado deberá coñecer os conceptos especializados e as teorías que intentan dar resposta ás grandes cuestións.
- e. Na súa dimensión práctica, a materia dota de ferramentas como a actitude crítica e reflexiva que lles ensina aos alumnos e alumnas a cuestionar ideas que non foron analizadas.

- f. O alumando debería ser capaz de pensar, razoar e argumentar con fundamento, coherencia e de forma autónoma, desenvolver a habilidade discursiva para dialogar e convencer, evitando o pensamento único e dogmático, a capacidade para discernir entre o evidente e o arbitrario, o substancial e o accidental, a xestión creativa das súas capacidades estéticas ou o razoamento moral e político autónomo, coherente e cimentado e, en definitiva, a valorar a capacidade da filosofía como instrumento de innovación e transformación.
- g. No ámbito práctico, esta materia desenvolve a comprensión da realidade individual, cultural e social da man da capacidade normativa e transformadora da filosofía, permitindo realizar razoamentos críticos e dialogantes e fomentando o respecto polos valores universais e a participación activa na vida democrática.
- h. Finalmente, a materia debe motivar o alumnado para aprender a aprender, competencia e finalidade que constitúe o punto de apoio para experimentar e xerar iniciativas persoais, enfrontándose á vida e, en definitiva, crecendo como persoas.

#### 4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR

#### GRAO DE CONSECUCIÓN DA MATERIA E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN INDICE

HISTORIA DA FILOSOFÍA 2º DE BACHARELATO															
1ª AVALIACIÓN				Competencias clave	Grao mínimo consec.	* Peso Cualific.	Instrumentos						Temporalización		Probas avaliación
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe				Prob Escrit	Com Texto	Act Conc	Act Sint	Act Razom	Rúb	Obs.	Mes	
<b>BLOQUE 1. A FILOSOFÍA NA GRECIA ANTIGUA</b>															
b c d e h	B2.1. Orixe da filosofía grega. Os presocráticos: resposta á orixe do cosmos. B2.2. Dialéctica socrática. B2.3. Convencionalismo democrático e relativismo dos sofistas B2.4. Platón: ontoloxía e coñecemento; concepción dualista do ser humano; dimensión antropolóxica e política da virtude; o autor e o seu contexto.	B2.1. Coñecer a orixe da filosofía en Grecia e comprender o primeiro gran sistema filosófico, o de Platón, analizando a relación entre realidade e coñecemento, a concepción dualista do ser humano e a dimensión antropolóxica e política da virtude, en relación coa filosofía presocrática e o xiro antropolóxico de Sócrates e os Sofistas, valorando a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Grecia antiga, e apreciando criticamente o seu discurso.	HFB2.1.1. Utiliza conceptos de Platón como idea, mundo sensible, mundo intelixible, ben, razón, doxa, episteme, universal, absoluto, dualismo, reminiscencia, transmigración, mimese, methexe, virtude e xustiza, entre outros, e aplicaos con rigor.	CCL	100%	20%		X	X	X	X	X	SETEMBRO / OUTUBRO	16	
			HFB2.1.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral como na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Platón, analizando a relación entre realidade e coñecemento, a concepción dualista do ser humano e a dimensión antropolóxica e política da virtude.	CCL	100%	20%		X	X	X	X	X			
			HFB2.1.3. Distingue as respostas da corrente presocrática en relación á orixe do Cosmos, os conceptos fundamentais da dialéctica de Sócrates e o convencionalismo democrático e o relativismo moral dos sofistas, identificando os problemas da filosofía antiga, e relacionando esas respostas coas solucións achegadas por Platón.	CAA	40%	2%			X	X	X	X			X
			HFB2.1.4. Respecta o esforzo da filosofía de Platón por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Grecia antiga, valorando positivamente o diálogo como método filosófico, o nacemento das utopías sociais, o sentido do gobernante-filósofo ou a súa defensa da inclusión das mulleres na educación.	CSC	30%	2%				X	X	X			
b d e h	B2.5. A física de Demócrito. B2.6. Problemas da filosofía antiga e solución de Aristóteles. B2.7. Aristóteles: metafísica, física,	B2.2. Entender o sistema teleolóxico de Aristóteles, en relación co pensamento de Platón e a física de Demócrito, e valorando a súa influencia no desenvolvemento das ideas e cos	HFB2.2.1. Utiliza con rigor conceptos do marco do pensamento de Aristóteles, como substancia, ciencia, metafísica, materia, forma, potencia, acto, causa, efecto, teleoloxía, lugar natural, indución, dedución, abstracción, alma, monismo, felicidade	CCL	100%	20%		X	X	X	X	X			

	coñecemento, ética eudemonista e política. Comparación coa filosofía platónica. O autor e o seu contexto.	cambios socioculturais da Grecia antiga.	e virtude, entre outros.																	
			HFB2.2.2. Comprende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais de Aristóteles, examinando a súa concepción da metafísica e da física, o coñecemento, a ética eudemonista e a política, en comparación coas teorías de Platón.	CCL	100%	20%		X	X	X	X	X		NOVEMBRO	16					
			HFB2.2.3. Describe as respostas da física de Demócrito, identificando os problemas da filosofía antiga, e relaciona esas respostas coas solucións achagadas por Aristóteles.	CAA	20%	2%			X	X	X	X	X							
			HFB2.2.4. Estima e razoa o esforzo da filosofía de Aristóteles por contribuír ao desenvolvemento do pensamento occidental, valorando positivamente a formulación científica das cuestións.	CMCCT	20%	2%					X	X	X							
d e h l	B2.8. Doutrinas éticas helenísticas: Epicureísmo, Estoicismo e Escepticismo. B2.9. Científicos helenísticos. B2.10. A Biblioteca de Alexandria.	B2.3. Coñecer as escolas éticas xurdidas no helenismo, como o Epicureísmo, o Estoicismo e o Escepticismo, valorar o seu papel no contexto socio-histórico e cultural da época, e recoñecer a repercusión dos grandes científicos helenísticos, apreciando a gran importancia para occidente da Biblioteca de Alexandria.	HFB2.3.1. Describe as respostas das doutrinas éticas helenísticas, e identifica algúns dos grandes logros da ciencia alexandrina.	CMCCT	40%	2%			X	X	X		X							
<b>BLOQUE 2. A FILOSOFÍA MEDIEVAL</b>																				
b c d e h	B3.1. Cristianismo e filosofía. Agostiño de Hipona: teoría da iluminación, filosofía da historia, o problema da certeza e a defensa da liberdade.	B3.1. Explicar a orixe do pensamento cristián e o seu encontro coa filosofía a través das ideas fundamentais de Agostiño de Hipona, apreciando a súa defensa da liberdade, da verdade e do coñecemento interior ou a historia.	HFB3.1.1. Explica o encontro da filosofía e a relixión cristiá nas súas orixes, a través das teses centrais do pensamento de Agostiño de Hipona.	CCEC	30%	2%		X	X	X	X	X		DECEMBRO	12					
d e h	B3.2. Escolástica medieval. Tomé de Aquino: relacións de razón e fe. Vías para a demostración da existencia de Deus. Lei moral. Relación coa filosofía antiga e coa agostiniana, a xudía e o nominalismo. O autor e o seu contexto.	B3.2. Coñecer a síntese de Tomé de Aquino, en relación co agostinismo, a filosofía árabe e xudía, e o nominalismo, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e nos cambios socioculturais da Idade Media.	HFB3.2.1. Define conceptos de Tomé de Aquino, como razón, fe, verdade, deus, esencia, existencia, creación, inmortalidade, lei natural, lei positiva e precepto, entre outros, e aplicaos con rigor.	CCL	100%	2%		X	X	X	X	X								
			HFB3.2.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Tomé de Aquino, distinguindo a relación entre fe e razón, as vías de demostración da existencia de Deus, e a lei moral, en comparación coas teorías da filosofía Antiga.	CCL	100%	1%			X	X	X	X	X							
			HFB3.2.3. Discrimina as respostas do agostinismo, a filosofía árabe e xudía, e o nominalismo, identificando os problemas da filosofía medieval, en relación coas solucións achagadas por Tomé de Aquino.	CAA	10%	2%					X	X	X					X		

			HFB3.2.4. Valora o esforzo da filosofía de Tomé de Aquino por contribuír ao desenvolvemento das ideas e os cambios sociais da Idade Media, xulgando positivamente a universalidade da lei moral.	CSC	30\$	1%							X				
d e h	B3.4. Crise da Escolástica no século XIV: nominalismo de Guillermo de Ockham. Relacións entre razón e fe. Novo pulo para a ciencia.	B3.3. Coñecer algunha das teorías centrais do pensamento de Guillermo de Ockham, cuxa reflexión crítica supuxo a separación entre razón e fe, a independencia da filosofía e o novo pulo para a ciencia.	HFB3.3.1. Coñece as teses centrais do nominalismo de Guillermo de Ockham e a súa importancia para a entrada na modernidade.	CCEC	100\$	2%		X	X		X	X					

2ª AVALIACIÓN				Competencias clave	Grao mínimo consec.	* Peso Cualific.	Instrumentos						Temporalización		Probas avaliación	
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe				Prob Escrit	Com Texto	Act Conc	Act Sint	Act Razom	Rúb	Obs.	Mes		Nª Sesión
<b>BLOQUE 3. A FILOSOFÍA NA MODERNIDADE E NA ILUSTRACIÓN</b>																
b c d e h l	B4.1. A filosofía no Renacemento. Humanismo: novo concepto sobre a natureza humana. B4.2. F. Bacon. Os prexuízos na investigación do coñecemento. B4.3. Implicacións da revolución científica. B4.4. Realismo político de Maquiavelo.	B4.1. Comprender a importancia do xiro do pensamento occidental que se deu no Renacemento e que anticipa a modernidade, valorando o novo humanismo que enxalza a "dignitas hominis", a investigación dos prexuízos do coñecemento de F. Bacon e as implicacións da Revolución Científica, e coñecer as teses fundamentais do realismo político de N. Maquiavelo.	HFB4.1.1. Comprende a importancia intelectual do xiro do pensamento científico que se deu no Renacemento, e describe as respostas da filosofía humanista sobre a natureza humana.	CMCCT	100%	10%			X	X	X		X	XANEIRO / FEBREIRO	16	
			HFB4.1.2. Explica as ideas ético-políticas fundamentais de N. Maquiavelo e compáraas cos sistemas ético-políticos anteriores.	CSC	20%	2%			X	X	X		X			
b c d e h	B4.5. Descartes: O método, o "cogito" (coñecemento e realidade) e o dualismo antropológico. B4.6. Comparación do autor coa filosofía antiga e medieval, e relación coa Moderna. O autor e o seu contexto.	B4.2. Entender o racionalismo de Descartes, distinguíndoo e relacionándoo coa filosofía humanista e o monismo panteísta de Spinoza, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e nos cambios socioculturais da Idade Moderna.	HFB4.2.1. Identifica conceptos de Descartes como razón, certeza, método, dúbida, hipótese, "cogito", idea, substancia e subxectivismo, entre outros, e aplícaos con rigor.	CCL	100%	10%		X	X	X	X	X	X			
			HFB4.2.2. Comprende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Descartes, analizando o método e a relación entre coñecemento e realidade a partir do "cogito" e o dualismo no ser humano, en comparación coas teorías da filosofía antiga e da medieval.	CCL	100%	10%		X	X	X	X	X	X			
			HFB4.2.3. Identifica os problemas da filosofía moderna e relaciónaos coas solucións aportadas por Descartes.	CCEC	100%	2%			X	X	X	X	X			
			HFB4.2.4. Estima e razoa o esforzo da filosofía de Descartes por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios socioculturais da Idade Moderna.	CSC	40%	2%				X		X				X

			Moderna, e valora a universalidade da razón cartesiana.															
b c d e h l	B4.7. Hume: o coñecemento, crítica á causalidade e á substancia. Emotivismo moral. Comparación coa filosofía anterior. O autor e o seu contexto B4.8. Locke: liberalismo político.	B4.3. Coñecer o empirismo de Hume en relación co liberalismo político de Locke, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Idade Moderna.	HFB4.3.1. Utiliza conceptos de Hume como escepticismo, crítica, experiencia, percepción, immanencia, asociación, impresións, ideas, hábito, contradición, causa, crenza, sentimento, mérito, utilidade, felicidade, contrato social, liberdade e deber, entre outros, e úsaos con rigor.	CCL	100%	10%			X	X	X		X	FEBREIRO / MARZO	8			
			HFB4.3.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais de Hume, distinguindo os principios e os elementos do coñecemento respecto á verdade, a crítica á causalidade e á substancia, e o emotivismo moral, en comparación coas teorías da filosofía antiga e da medieval, e co racionalismo moderno.	CMCCT	100	10%			X	X	X		X					
			HFB4.3.3. Coñece e explica as ideas centrais do liberalismo político de Locke, identificando os problemas da filosofía moderna, e relaciónaas coas solucións aportadas por Hume.	CSC	100%	10%		X	X	X	X	X	X					
			HFB4.3.4. Valora o esforzo da filosofía de Hume por contribuir ao desenvolvemento das ideas e aos cambios socioculturais da Idade Moderna, xulgando positivamente a procura da felicidade colectiva.	CSC	100%	10%		X	X	X	X	X	X					
b c d e h	B4.9. A Ilustración francesa. Rousseau: a crítica social, a crítica á civilización, o estado de natureza, a defensa do contrato social e a vontade xeral.	B4.4. Coñecer os principais ideais dos ilustrados franceses, afondando no pensamento de J.J. Rousseau, e valorar a importancia do seu pensamento para o xurdimento da democracia mediante unha orde social acorde coa natureza humana.	HFB4.4.1. Comprende os ideais que impulsaron os ilustrados franceses, e explica o sentido e transcendencia do pensamento de Rousseau, a súa crítica social, a crítica á civilización, o estado de natureza, a defensa do contrato social e a vontade xeral.	CSC	20%	2%			X	X	X	X						
b c d e h	B4.10. Idealismo transcendental. Kant: as facultades e límites do coñecemento. B4.11. Lei Moral e paz perpetua. B4.12. Relación do proxecto ilustrado de Rousseau coa filosofía Moderna e Kant. B4.13. Comparación coas teorías da filosofía antiga, medieval e moderna.	B4.5. Comprender o idealismo crítico de Kant, en relación co racionalismo de Descartes, o empirismo de Hume e a filosofía ilustrada de Rousseau, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Idade Moderna.	HFB4.5.1. Aplica conceptos de Kant como sensibilidade, entendemento, razón, crítica, transcendental, ciencia, innato, xuízo, a priori, a posteriori, facultade, intuición, categoría, ilusión transcendental, idea, lei, fenómeno, nóumeno, vontade, deber, imperativo categórico, autonomía, postulado, liberdade, dignidade, persoa, paz e pacto, entre outros, e utilizaos con rigor.	CAA	100%	10%					X		X	MARZO / ABRIL	22			
			HFB4.5.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Kant, analizando as facultades e os límites do coñecemento, a lei moral e a paz perpetua, comparándoas coas teorías da filosofía antiga, medieval e moderna.	CCL	100%	10%			X	X	X		X					
			HFB4.5.3. Describe a teoría política de Rousseau, identificando os problemas da filosofía moderna e relacionándoa coas solucións achegadas por Kant.	CCL	10%	2%			X	X	X		X					

			HFB4.5.4. Respecta e razoa o esforzo da filosofía de Kant por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios socioculturais da Idade Moderna, e valora a dignidade e a procura da paz entre as nacións	CSC	40%	1%		X	X	X	X	X	X			
--	--	--	---	-----	-----	----	--	---	---	---	---	---	---	--	--	--

3ª AVALIACIÓN				Competencias clave	Grao mínimo consec.	* Peso Cualific.	Instrumentos						Temporalización		Probas avaliación	
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe				Prob Escrit	Com Texto	Act Conc	Act Sint	Act Razom	Rúb	Obs.	Mes	Nª Sesión	
<b>BLOQUE 4. A FILOSOFÍA CONTEMPORÁNEA</b>																
b c d e h	B5.1. Marx: o materialismo histórico, a crítica ao idealismo, á alienación e á ideoloxía, e a súa visión humanista do individuo. B5.2. Relación de Marx cos problemas da filosofía contemporánea. O autor e o seu contexto.	B5.1. Entender o materialismo histórico de Marx, en relación co idealismo de Hegel e con Feuerbach, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e nos cambios socioculturais da Idade Contemporánea.	HFB5.1.1. Identifica conceptos de Marx como dialéctica, materialismo histórico, praxe, alienación, infraestrutura, superestrutura, forzas produtivas, medios de produción, loita de clases, traballo, plusvalor e humanismo, entre outros, e utilízalos con rigor.	CSC	100%	20%			X	X	X		X	ABRIL	10	
			HFB5.1.2. Coñece e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Marx, examinando o materialismo histórico e a crítica ao idealismo, á alienación e á ideoloxía, e expón a súa visión humanista do individuo.	CCL	100%	20%		X	X	X	X	X	X			
			HFB5.1.3. Identifica os problemas da filosofía contemporánea en relación coas solucións achegadas por Marx.	CSC	40%	2%		X	X	X	X	X	X			
			HFB5.1.4. Valora o esforzo da filosofía de Marx por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Idade Contemporánea, xulgando positivamente a defensa da igualdade social.	CSC	20%	2%					X	X	X			
b c d e h	B5.3. Nietzsche: crítica á metafísica, á moral e á ciencia; a verdade como metáfora. B5.4. O superhome, como resultado da inversión de valores e a vontade de poder, e comparación coas teorías da filosofía antiga, medieval, moderna e contemporánea. O autor e o seu contexto. B5.5. A vontade en Schopenhauer.	B5.2. Comprender o vitalismo de Nietzsche en relación co vitalismo de Schopenhauer, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Idade Contemporánea.	HFB5.2.1. Define conceptos de Nietzsche como crítica, traxedia, intuición, metáfora, convención, perspectiva, xenealoxía, transvaloración, nihilismo, superhome, vontade de poder, e eterno retorno, entre outros, e aplícalos con rigor.	CCL	100%	20%		X	X	X	X	X	X	5		X
			HFB5.2.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Nietzsche, considerando a crítica á metafísica, á moral e á ciencia, a verdade como metáfora, e a afirmación do superhome, como resultado da inversión de	CCL	100%	15%		X	X	X	X	X	X			

			valores e a vontade de poder, en comparación coas teorías da filosofía antiga, medieval, moderna e contemporánea.															
			HFB5.2.3. Distingue as respostas de Schopenhauer na súa afirmación da vontade e identifica os problemas da filosofía contemporánea, en relación coas solucións achegadas por Nietzsche.	CCEC	40%	1%			X		X							
			HFB5.2.4. Estima o esforzo da filosofía de Nietzsche por contribuir ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Idade Contemporánea, e valora a defensa da verdade e da liberdade.	CSC	40%	5%		X	X	X	X	X	X					
b c d e h	B5.6. Filosofía española. Ortega y Gasset: a súa relación con posturas filosóficas como o realismo, o racionalismo, o vitalismo ou o existencialismo, e outras posturas filosóficas. O autor e o seu contexto.	B5.3. Entender o raciovitalismo de Ortega y Gasset en relación con figuras da filosofía española, como Unamuno, e do pensamento europeo, e valorar as influencias que recibe e a repercusión do seu pensamento no desenvolvemento das ideas e a rexeneración social, cultural e política de España.	HFB5.3.1. Utiliza conceptos de Ortega y Gasset e aplícaos con rigor, como obxectivismo, ciencia, europeización, filosofía, mundo, circunstancia, perspectiva, razón vital, raciovitalismo, vida, categoría, liberdade, idea, crenza, historia, razón histórica, xeración, home-masa e home selecto, entre outros.	CCL	40%	5%		X	X	X	X	X	X					
			HFB5.3.2. Comprende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía e da análise social de Ortega y Gasset, en relación con posturas filosóficas como o realismo, o racionalismo, o vitalismo ou o existencialismo, entre outras.	CCL	40%	1%		X	X	X	X	X	X					
			HFB5.3.3. Respecta o esforzo da filosofía de Ortega y Gasset por contribuir ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais e culturais da Idade Contemporánea española, e valorao seu compromiso coa defensa da cultura e da democracia.	CSC	20%	1%					X							
b c d e h	B5.7. Filosofía crítica da escola de Frankfurt. A crítica a razón ilustrada e á idea de progreso. B5.8. Racionalidade dialóxica de Habermas: os intereses do coñecemento e a acción comunicativa. B5.9. Contribución de Habermas ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Idade Contemporánea. B5.10. Pensamento posmoderno: principais teses dos filósofos posmodernos, como Vattimo, Lyotard e Baudrillard, e reflexión sobre a súa vixencia actual.	B5.4. Coñecer as teses fundamentais da crítica da Escola de Frankfurt, analizando a racionalidade dialóxica de Habermas, relacionándoo coa filosofía crítica da Escola de Frankfurt, e valorando a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Idade Contemporánea. Coñecer as teses máis definitorias do pensamento posmoderno, identificando as teses fundamentais de Vattimo, Lyotard e Baudrillard, e valorar criticamente a súa repercusión no pensamento filosófico a partir de finais do século XX.	HFB5.4.1. Identifica conceptos de Habermas, como coñecemento, interese, consenso, verdade, enunciado, comunicación, desigualdade, ou mundo da vida, e conceptos da filosofía posmoderna, como deconstrución, diferenza, cultura, texto, arte, e comunicación, entre outros, aplicándoos con rigor.	CSC	40%	1%			X		X							
			HFB5.4.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías da filosofía de Habermas, distinguindo os intereses do coñecemento e a acción comunicativa, e as teorías fundamentais da posmodernidade, analizando a deconstrución da modernidade desde a multiplicidade da sociedade da comunicación.	CCL	40%	1%				X	X	X	X					
			HFB5.4.3. Identifica as respostas da filosofía crítica da escola de Frankfurt e reflexiona sobre elas, identificando os problemas da filosofía contemporánea.	CAA	30%	1%				X	X	X	X					
																	MAIO	10



			HFB5.4.4. Estima o esforzo da filosofía de Habermas e do pensamento posmoderno por contribuir ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Idade Contemporánea, e valora o seu esforzo na defensa do diálogo racional e o respecto á diferenza.	CSC	40%	1%					X	X	X			
			HFB5.4.5. Coñece as teses características do pensamento posmoderno, como a crítica á razón ilustrada, á idea de progreso, ao pensamento totalizador e á trivialización da existencia, o crepúsculo do deber, ou a perda do suxeito fronte á cultura de masas, entre outras.	CSC	10%	1%					X	X	X			
			HFB5.4.6. Explica e argumenta sobre as principais teses dos filósofos posmodernos, como Vattimo, Lyotard e Baudrillard, e reflexiona sobre a súa vivencia.	CAA CCL	10%	1%					X	X	X			

Neste curso, entre outras particularidades, temos unha serie de contidos transversais que estarán presentes todos eles ó longo de todo o curso con carácter de fundamentais na aprendizaxe e que serán exercitados e avaliados durante todo o curso. Son, ademais de transversais, fundamentalmente procedimentais; de tal xeito que os contidos terán un carácter case instrumental para poder establecer a capacidade do alumnado de levar a cabo estes estándares de aprendizaxe. Para avaliar estes contidos utilizaremos os seguintes instrumentos, como se pode ver na táboa anterior: rúbricas, portfolios que producirá o alumnado e observación directa na aula, pero tamén e, fundamentalmente, as probas escritas e as actividades de comentario de texto, de conceptualización, razonamento e argumentación propostas para cada un dos temas.

Os contidos transversais ós que nos referimos preséntanse a continuación co obxecto de destacalos e darlles a importancia que consideramos teñen.

<b>CONTIDOS TRANSVERSAIS</b>				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
b d e h	B1.1. Comentario de texto. B1.2. Diálogo filosófico e argumentación.	B1.1. Realizar a análise de fragmentos dos textos máis salientables da historia da filosofía, e ser capaz de transferir os coñecementos a outros/as autores/as ou problemas.	HFB1.1.1. Comprende o sentido global dos textos máis salientables dos/das autores/as estudados/as, recoñecendo a orde lóxica da argumentación e as formulacións que se defenden, e é quen de transferir os coñecementos a outros/as autores/as ou problemas.	CCL
			HFB1.1.2. Analiza as ideas do texto, identificando a conclusión e os conceptos e as ideas relevantes, e recoñece a súa estrutura e a orde lóxica das súas ideas.	CAA CCL
			HFB1.1.3. Argumenta a explicación das ideas presentes no texto, en relación coa filosofía do/da autor/a e os contidos estudados.	CAA CCL
a b c d e	B1.2. Diálogo filosófico e argumentación.	B1.2. Argumentar con claridade e capacidade crítica, oralmente e por escrito, as súas propias opinións sobre os problemas fundamentais da filosofía, dialogando de xeito razoado con outras posicións diferentes.	HFB1.2.1. Argumenta as súas propias opinións con claridade e coherencia, tanto oralmente como por escrito.	CCL CSIEE
			HFB1.2.2. Utiliza o diálogo racional na defensa das súas opinións, e valora a diversidade de ideas e, á vez, apoiándose nos aspectos comúns.	CSC
b	B1.3. Ferramentas de aprendizaxe e investigación da	B1.3. Aplicar adecuadamente as ferramentas e os procedementos do	HFB1.3.1. Sintetiza correctamente a filosofía de cada autor/a, mediante resumos dos seus contidos fundamentais, e	CAA

d e g m	filosofía.	traballo intelectual á aprendizaxe da filosofía, realizando traballos de organización e investigación dos contidos.	clasifícaos nos núcleos temáticos que atravesan a historia da filosofía: realidade, coñecemento, ser humano, ética e política .	
			HFB1.3.2. Elabora listaxes de vocabulario de conceptos, comprende o seu significado, organízalos en esquemas ou mapas conceptuais, táboas cronolóxicas e outros procedementos útiles para a comprensión da filosofía do autor, e aplícalos con rigor.	CAA CCL
			HFB1.3.3. Selecciona información de distintas fontes, bibliográficas e de internet, e recoñece as fontes fiables.	CD
			HFB1.3.4. Realiza redaccións ou disertacións, traballos de investigación e proxectos que impliquen un esforzo creativo e unha valoración persoal dos problemas filosóficos formulados na historia da filosofía.	CSIEE
d g m	B1.4. Aplicación das competencias de tecnoloxías da información e da comunicación á historia da filosofía.	B1.4. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación na realización e na exposición dos traballos de investigación filosófica.	HFB1.4.1. Utiliza as ferramentas informáticas e da web 2.0. (wikis, blogs, redes sociais, procesador de textos, presentación de diapositivas ou recursos multimedia, etc.) para o desenvolvemento dos traballos.	CD
			HFB1.4.2. Realiza procuras avanzadas en internet sobre os contidos da investigación, e decide os conceptos adecuados.	CD
			HFB1.4.3. Colabora en traballos colectivos de investigación sobre os contidos estudados utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	CD

#### LEENDA COMPETENCIAS

<b>CCL</b>	Comunicación lingüística
<b>CMCCT</b>	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
<b>CD</b>	Competencia dixital
<b>CAA</b>	Competencia aprender a aprender
<b>CSC</b>	Competencias sociais e cívicas
<b>CSIEE</b>	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
<b>CCEC</b>	Conciencia e expresións culturais

#### LEENDA INSTRUMENTOS:

Prob Escrit:	Proba escrita obxectiva ou Exame
Com Texto	Comentario de Texto
Act Conc	Actividades Conceptuais
Act Sintes	Actividades de Síntese
Act Razom	Actividades de Razoamento e Argumentación
Obs.	Observación na aula

Outra das particularidades ás que nos referíamos anteriormente é a omnipresente ABAU durante todo o curso para o alumnado e o profesorado. É innegable que todos os apartados do proceso de ensinanza-aprendizaxe están en maior ou menor medida mediatizados por esa realidade.

Do mesmo xeito, os diferentes Grupos de Traballo das diversas materias obxecto da ABAU, entre elas a de Historia da Filosofía de 2º de Bacharelato, teñen, entre outras funcións, acordar os estándares e os criterios de avaliación das respectivas materias. Neste Departamento realizarase un seguimento das tarefas do Grupo de Traballo desta materia para seguir as súas indicacións ó pe da letra, co obxectivo claro de que ó alumnado que se presente a dita proba lle resulte non só todo coñecido, senón accesible tanto a súa superación como a consecución dunha cualificación alta.

Para este curso académico o Grupo de Traballo estableceu unha distribución histórica dos estándares que é a seguinte:

- a. Filosofía Antiga - Medieval:
  1. A orixe do cosmos na corrente presocrática.
  2. Dialéctica socrática e relativismo dos sofistas.
  3. Realidade e coñecemento en Platón.
  4. Platón: antroploxía e política.
  5. Física e metafísica en Aristóteles.
  6. Ética e política en Aristóteles.
  7. O problema razón/fe na filosofía medieval.
- b. Filosofía Moderna:
  1. Descartes: o problema do método e a evidencia do *cogito*.
  2. O liberalismo político de Locke.
  3. Hume: crítica das ideas de sustancia e causalidade.
  4. Razón e progreso na Ilustración.
  5. Os límites do coñecemento en Kant.
  6. A lei moral en Kant.
- c. Filosofía Contemporánea:
  1. Alienación e ideoloxía en Marx.
  2. Nietzsche: crítica da cultura occidental.
  3. Ortega y Gasset: a razón vital.

Así as cuestións plantexadas para o Bloque da Filosofía Antiga - Medieval correspóndense co Bloque 1 e 2 da táboa de concreción para cada estándar e coa temporalización da 1ª Avaliación. As do Bloque da Filosofía correspóndense co Bloque 3 da táboa de concreción para cada estándar e coa temporalización da 2ª Avaliación. E finalmente as do Bloque da Filosofía Contemporánea correspóndense co Bloque 4 da táboa de concreción para cada estándar e coa temporalización da 3ª Avaliación

## 5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS INDICE

Segundo se establece na propia normativa, esta materia conseguirá a consecución das competencias clave por parte do alumnado con un cambio a nivel metodolóxico no proceso de ensino e aprendizaxe que vai supor un reto para os/as profesionais da educación nesta etapa. Este cambio hase concretar na práctica de traballo na aula e na metodoloxía, que lle ha permitir o desempeño ao alumnado dun alto grao de dominio das competencias, apoiándose na aprendizaxe cooperativa e a resolución conxunta de casos ou problemas, que permitan xeneralizar estratexias e aplicalas en situacións similares e reais, aprendendo dos demais. Pódense utilizar procedementos de avaliación variados, como por exemplo rúbricas, escalas, probas orais e escritas, portafolios e traballos de clase, posibilitando a participación do alumnado no seu proceso de avaliación.

En xeral, tratarase de:

- ✓ Potenciar unha autonomía progresiva, por parte das alumnas e dos alumnos, na obtención, análise e procesamento da información referida ás cuestións e problemas propostos.
- ✓ Promover a lectura e análise de textos, así como a composición de textos propios e exposicións orais e escritas.
- ✓ Manter un modelo de aprendizaxe funcional no cal as nocións que se van adquirido sexan aplicadas á vida real.
- ✓ Normalizar o uso de vocabulario técnico específico e exixir uns niveis de rigor lóxico e de coherencia argumentativa tanto nas producións orais coma nas escritas.
- ✓ Promover o diálogo e o debate horizontal entre iguais como un medio para desenvolver estratexias de conceptualización, comunicación e empatía intelectual e emocional.
- ✓ Ofrecerlles ás alumnas e aos alumnos instrumentos e estratexias de autoanálise e autoavaliación para detectar os avances e carencias no proceso de aprendizaxe.
- ✓ Recorrerase a fontes de información para profundizar en algún dos temas a tratar na aula, tales como a bibliografía específica, Internet, filmografía, etc.

Para conseguir iso, resulta conveniente utilizar estratexias didácticas variadas, que combinen as estratexias expositivas con actividades de aplicación e estratexias de comprensión e indagación. Por iso, durante este curso académico e nesta materia introduciremos un cambio metodolóxico importante: consistirá este en introducir a "aprendizaxe por proxectos" como metodoloxía de aprendizaxe fundamental. Non se abandonará totalmente a estratexia expositiva por parte do profesorado, de tal maneira que haberá unha introdución a cada tema coa presentación de conceptos e tópicos fundamentais do autor/autores de referencia, pero a partir de aí e fixando uns obxectivos de aprendizaxe a cada grupo de alumnos e alumnas, estes serán os encargados da busca de información, construción do guión ou esquema de cada un dos temas, profundización nos contidos, adquisición dos estándares de aprendizaxe e, se procede en cada caso, exposición da aprendizaxe acadada.

### **As estratexias expositivas**

Ofreceráselle ao alumnado un vídeo explicativo introdutorio a cada un dos temas ou proxecto. Ese vídeo terano á súa disposición para poder velo tantas veces sexa necesario.

### **As estratexias de comentario e análise**

A continuación doa anterior estableceranse uns proxectos para aprender determinados contidos. A partir dese momento, na aula dun xeito cooperativo e en solitario nos respectivos domicilios, o alumnado desenvolverá unha labor de investigación e de construción da aprendizaxe.

Para esta construción ademais de fontes de información como libros de texto ou as novas tecnoloxías da información, terán un papel destacado e fundamental os textos dos diferentes autores que se facilitarán ó principio de cada proxecto

O emprego destas metodoloxías está máis relacionado coa aprendizaxe de procedementos, aínda que estes levan consigo, á súa vez, a adquisición de conceptos, dado que tratan de poñer o alumnado en situacións que fomenten a súa reflexión e poñan en xogo as súas ideas e conceptos.

A secuencia habitual de traballo na aula sería o seguinte:

- ❖ Motivación:
  - Presentación do tema.
- ❖ Información do profesor/a:
  - Establecemento do proxecto de aprendizaxe para cada alumno/alumna ou para cada grupo de alumnado.
  - Determinación dos estándares de aprendizaxe.
  - Información complementaria: textos do autor
- ❖ Traballo persoal
  - Lectura e comprensión de textos. Comentario de textos
  - Elaboración de esquema de traballo
  - Recopilación de información
  - Selección de información
  - Resposta a preguntas
  - Adquisición de contidos.
- ❖ Avaliación:
  - Observación do traballo realizado na aula.
  - Estándares de aprendizaxe utilizados no proxecto.
  - Corrección de todos os portfolios producidos (produccións orais ou escritas, comentarios, exercicios...).

- Exposición, se procede do proxecto realizado, con especial atención os contidos transversais presentados no punto anterior e, polo tanto, as actividades conceptuais, de comprensión, síntese e argumentación realizadas.

As probas escritas ou exames realizaranse ó finalizar cada unha das avaliacións. Posteriormente realizarase unha recuperación, para cada unha das avaliacións independentemente, para todo o alumnado que non superara as respectivas avaliacións. E realizarase un exame final coa intención de que o alumnado poida demostrar antes da avaliación final o grao de consecución dos obxectivos mínimos propostos para o curso.

## **6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS** [INDICE](#)

Como materiais e recursos didácticos utilizaranse os seguintes:

- ☞ Fragmentos de textos significativos de autores relevantes en cada bloque temático.
- ☞ Utilización das TICs, para os diferentes proxectos:
  - ✓ Visionados de vídeos.
  - ✓ Diferentes libros de texto e material de consulta
  - ✓ Busca e selección de información en internet
  - ✓ Realización de mapas conceptuais
  - ✓ Producción escrita de portfolios,...
  - ✓ Exposición de proxectos.
- ☞ Blog do profesorado para a consulta e descarga de información, realización de comentarios, consultas etc.

## 7. CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN [INDICE](#)

### 7.1. CRITERIOS SOBRE CUALIFICACIÓN E AVALIACIÓN

#### Con carácter xeral.

Para a cualificación e avaliación do alumnado utilizaranse os indicadores de logro dos diferentes estándares de aprendizaxe. Estes indicadores de logro serán cualificados e cuantificados do seguinte modo:

INDICADOR DE LOGRO	CUANTIFICACIÓN
EXCELENTE	9/10
AVANZADO	7/8
SATISFACTORIO	5/6
BÁSICO	3/4
MOI BÁSICO / ESCASO	1/2

#### Instrumentos de Avaliación.

A avaliación do alumnado realizarase dun xeito variado e múltiple, sobre todo, en función dos proxectos que se desenvolvan para cada cuestión temática ou estándares de aprendizaxe que se estean a desenvolver. Por iso a avaliación realizarase a través de cada un dos proxectos e mediante os seguintes instrumentos, que serán valorados a través das diferentes rúbricas que figuran no punto seguinte:

#### Actividades:

- **Actividades conceptuais.** Nelas os alumnos e alumnas irán definindo conceptos e substituíndo, oral ou por escrito, e de forma progresiva as súas ideas previas polas desenvolvidas na clase. Deben ser capaces de manexar un vocabulario específico e definir con precisión e claridade os conceptos centrais de cada unidade.
- **Actividades de comentario de texto.** Fundamentalmente, o alumnado debe ser capaz de analizar un texto, identificando o seu tema, tese e ideas secundarias. Para iso, ten que poder expoñer os argumentos ou estruturas de razoamento do texto. Estes portfolios serán integrados



- **Actividades de síntese.** Este tipo de actividades están orientadas á comprensión dos contidos temáticos das diferentes unidades e á reelaboración dos devanditos contidos. O alumnado debería poder entender e expoñer os principais puntos do tema e razoar a partir deles, así como mostrar a estruturación dos contido. Esta actividade poderá realizarse oralmente, dun xeito colaborativo, ou por escrito individualmente ou en grupo.
- **Actividades de razoamento e argumentación.** Supoñen unha maior autonomía por parte do alumnado, posto que debe elaborar unha idea fundamentada e apoiada nunha serie de argumentos. Esta actividade pode realizarse de forma escrita, como unha redacción, unha toma de postura ante unha tese, etc., ou oralmente, nunha exposición pública ou nun debate.

#### **Observacións:**

Todas as actividades realizadas na aula, orais e escritas, individualmente ou en grupo, serán obxecto de observación por parte do profesorado, e utilizados como un protocolo de rexistro para a avaliación de cada alumno e alumna. Para o protocolo de rexistro utilizaranse os indicadores de logro mencionados arriba.

#### **Probas obxectivas escritas ou exames:**

Tamén chamadas portfolios, xunto co resto de producións escritas das actividades anteriormente mencionadas. Estas concretamente serán realizadas ó final de cada unha das avaliacións, englobando nela todos os contidos traballados ó longo do trimestre. Ó finalizar cada unha das avaliacións realizarase outra proba escrita, cos mesmos contidos, para o alumnado que non superou a avaliación. A cualificación desta segunda proba será de Apto ou Non Apto. Consideramos que é unha forma de valorar positivamente unha aprendizaxe metódica, sistemática, continuada e con manifesto interese de aprendizaxe, demostrado ó longo de toda a avaliación, en detrimento de aquela que se realiza con certa vantaxe grazas ó coñecemento das probas e á perspectiva do tempo e da aprendizaxe.

Ó finalizar o curso realizarase un exame final, ó que terán que presentarse o alumnado que non superase algunha das avaliacións anteriores. Só se examinarán de aquelas que non foran superadas ó longo do curso. Nesa proba avaliarase a consecución dos estándares de aprendizaxe máis importantes e que contribúen con maior peso na cualificación final e ponderaranse en función da dificultade que presentan. A cualificación para considerarse superada a materia será dun cinco (5). Tendo en conta que sería a terceira vez que o alumnado que acude a esa proba está a desenvolver os mesmos contidos, e considerando que os estándares que se van a ter en conta para o deseño desa proba son aqueles considerados máis relevantes, a cualificación máxima outorgada será dun seis (6).

Na proba extraordinaria de setembro o alumnado deberá examinarse de toda a materia de Filosofía e seguiranse os mesmos criterios de avaliación que para a proba final da avaliación ordinaria. E, polos mesmos motivos, a cualificación no poderá superar unha nota de seis (6)

As probas escritas terán a mesma formulación e avaliación que a establecida polo Grupo de Traballo das ABAU para esta materia. Isto é:

1. Un estándar de aprendizaxe dun dos tres bloques históricos (filosofía antiga e medieval, moderna e contemporánea) acompañado dun fragmento ilustrativo do mesmo. A resposta consistirá en comentar o fragmento e, a partir do devandito comentario, desenvolver o estándar. Cualificación máxima.- 6 pts. (60 % da proba).

No comentario valorarase a comprensión do texto, especialmente no que atinxe aos seus conceptos fundamentais e estrutura argumentativa, e a relación entre o texto e un contexto máis amplo (o autor e o seu lugar na historia da filosofía).

A avaliación da cuestión teórica farase en base á pertinencia dos contidos informativos da resposta, á precisión no uso dos conceptos, e á coherencia e articulación discursiva da exposición.

Tanto no comentario como na cuestión, terase tamén en conta a corrección expresiva e gramatical

2. Un estándar de aprendizaxe dun dos dous bloques históricos restantes.  
A resposta consistirá no desenvolvemento do estándar. Cualificación máxima.- 3 pts. (30 % da proba).

A avaliación da cuestión teórica farase —coma no caso anterior— en base á pertinencia dos contidos informativos da resposta, á precisión no uso dos conceptos, e á coherencia e articulación discursiva da exposición. Tamén terase en conta a corrección expresiva e gramatical

3. Catro breves preguntas semiabertas referidas ao terceiro bloque histórico. Proponeranse dous conceptos para identificar ao filósofo relacionado con cada un deles; tamén se pedirá o título de dúas obras. Cualificación máxima.-1 pto. (10 % da proba).

Cada unha das catro breves respostas (nome do filósofo; título da obra) terá unha cualificación máxima de **0,25** pts

O alumnado que non respecte o principio de igualdade que debe rexer todas as probas obxecto de avaliación e intente, de calquera xeito, enganar ou perverter o sentido educativo e de valoración da aprendizaxe destas probas, non poderá volver a presentar ningunha outra proba escrita para a súa cualificación na materia. Terá que presentarse á convocatoria extraordinaria de setembro para ser avaliado nela.

Cada un dos instrumentos terá un peso diferente na cualificación de cada unha de las avaliacións. Así el peso para obter el indicador de logro de cada un dos estándares de aprendizaxe para cada contido será o seguinte:

- ☞ O proxecto realizado e os estándares de aprendizaxe acadados, valorarase ata un máximo de 20%.

- ☞ O total das observacións, referidas á actitude de aprendizaxe, valorarase ata un máximo dun 10%
- ☞ As probas escritas obxectivas, como traballos ou exames, ata un máximo de 70%

Estes instrumentos deberán servir para establecer se os mínimos esixibles na materia foron conseguidos ou non. Os mínimos esixibles na materia de Historia da Filosofía de 2º de Bacharelato consistirán en todo o alumnado deberá ser capaz de:

1. Ler comprensivamente e analizar, de forma crítica, textos significativos e breves, pertencentes a pensadores destacados.
2. Argumentar e razoar os propios puntos de vista sobre as temáticas estudadas na unidade, de forma oral e escrita, con claridade e coherencia.
3. Seleccionar e sistematizar información obtida de diversas fontes.
4. Analizar e argumentar sobre propostas filosóficas, elaborando de forma individual ou colaboradora esquemas, mapas conceptuais, táboas cronolóxicas e outros procedementos útiles, mediante o uso de medios e plataformas dixitais.
5. Estructurar a información obtida e ofrecida polo profesorado, distinguindo entre ideas principais e secundarias, tese, argumentos e exemplos, conceptos fundamentais e significativos.
6. Producir composicións coherentes, ben estruturadas e con sentido, utilizando contidos e conceptos propios da materia e dos manexados nos estándares de aprendizaxe.

## 7.2. CRITERIOS SOBRE A PROMOCIÓN

### **BACHARELATO (Cursos 1º).**

O Decreto 86/2015, no seu artigo 35 establece as condicións de promoción e repetición do alumnado de Bacharelato. En función do alí establecido, establécense

#### **CRITERIOS DE PROMOCIÓN DE 1º DE BAC A 2º DE BAC.**

- Alumnado que supere todas as materias.
- Alumnado que teña avaliación negativa en dúas materias como máximo.
- O alumnado que promocióne de 1º de Bac a 2º de Bac con materias pendentes, deberá matricularse en 2º curso das materias pendentes de primeiro.

Para efectos deste apartado, só se computarán as materias que como mínimo o alumno ou a alumna deben cursar en cada un dos bloques. No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua Galega e Literatura, con independencia de que os alumnos e as alumnas poidan cursar máis materias do devandito bloque.

**CRITERIOS DE REPETICIÓN.**

**En relación aos cursos.**

- O alumnado poderá repetir cada un dos cursos de bacharelato unha soa vez como máximo.
- Excepcionalmente, poderá repetir un dos cursos unha segunda vez, logo do informe favorable do equipo docente.

**En relación ao número de materias.**

- O alumnado que teña máis de dúas materias suspensas.

**CONTINUIDADE ENTRE MATERIAS DE BACHARELATO**

**O 2º curso de Bacharelato onde se imparte esta materia é en si mesmo término e fin de etapa.**

## 8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE [INDICE](#)

Os indicadores de logro para os estándares establecidos na táboa do punto 4.2. e coa escala que figura no punto anterior (7.1) : **excelente, avanzado, satisfactorio, básico e moi básico ou escaso**. Para concretalos utilizaranse as rúbricas para as actividades sinaladas como instrumentos de avaliación no punto anterior.

### RÚBRICA PARA AVALIAR A RESOLUCIÓN INDIVIDUAL DE EXERCICIOS:

	EXCELENTE	AVANZADO	SATISFACTORIO	BÁSICO	MOI BÁSICO / ESCASO
<b>NÚMERO DE EXERCICIOS RESOLTOS</b>	Realiza o 90 % dos exercicios que se propoñen.	Realiza entre o 90 e o 80% dos exercicios que se propoñen.	Realiza entre o 80 e o 70% dos exercicios que se propoñen.	Realiza entre o 70 e o 60% dos exercicios que se propoñen.	Realiza menos do 60% dos exercicios que se propoñen.
<b>PROCEDEMENTO E RESULTADOS DOS EXERCICIOS RESOLTOS</b>	Desenvolve o procedemento, detállao, preséntao organizadamente e obtén o resultado correcto.	Desenvolve o procedemento, detállao, preséntao pouco organizado e obtén o resultado correcto.	Desenvolve o procedemento, detállao, non o organiza e obtén o resultado correcto.	Desenvolve o procedemento e obtén o resultado correcto.	Non desenvolve o procedemento e non obtén o resultado correcto.

### RÚBRICA PARA AVALIAR ACTIVIDADES DE RAZOAMENTO E ARGUMENTACIÓN.

	EXCELENTE	AVANZADO	SATISFACTORIO	BÁSICO	MOI BÁSICO / ESCASO
<b>VOCABULARIO E CONCEPTOS</b>	Utiliza un vocabulario e conceptos adecuados e a exposición é coherente coas ideas formuladas.	O vocabulario e os conceptos son adecuados e a exposición é clara na presentación das ideas formuladas.	Fáltalle vocabulario e/ou conceptos e ten algún problema para expresar correctamente as súas ideas.	Ten un vocabulario e uns conceptos moi básicos e problemas para transmitir con claridade as súas ideas.	Ten un vocabulario moi básico e non logra transmitir con claridade as súas ideas.

<b>ARGUMENTACIÓN</b>	Todas as ideas expostas están ben argumentadas.	Unha das ideas non está ben argumentada.	Dúas das ideas non están ben argumentadas.	Máis de tres ideas non están ben argumentadas.	Ningunha idea está ben argumentada.
<b>DOMINIO DO TEMA</b>	Mostra coñecemento profundo e dominio total do tema e dos conceptos.	Mostra coñecemento e dominio do tema. Utiliza conceptos axeitados	O coñecemento e o dominio do tema é regular. Os conceptos son poucos ou pouco axeitados	O coñecemento e o dominio do tema é malo. Falta conceptualización	Non mostra coñecemento, conceptualización nin dominio do tema.
<b>REFERENCIAS Á AUTORES</b>	Cita máis de tres referencias relevantes durante a súa participación.	Cita tres referencias relevantes durante a súa participación.	Cita dúas referencias durante a súa participación e só unha foi relevante.	Cita só unha referencia durante a súa participación e non foi relevante.	Non cita referencias durante a súa participación.

### RÚBRICA PARA AVALIAR EXERCICIOS ESCRITOS E COMENTARIOS DE TEXTO.

	EXCELENTE	AVANZADO	SATISFACTORIO	BÁSICO	MOI BÁSICO / ESCASO
<b>CONTIDO</b>	Trata o contido que se pediu e relaciona con contidos teóricos traballados.	Nalgúns parágrafos non se tratan contidos nin o tema que se pediu.	Un 60% do texto non ten relación co contido que se traballa ou co tema.	Algúns parágrafos fan alusión ao tema que se trata e ós contidos traballados.	Só se menciona o tema, pero non se desenvolve nin se relaciona con outros temas.
<b>COHERENCIA DE IDEAS</b>	Presenta ideas coherentes, ben expresadas e sen erros. Relaciona as ideas e os conceptos axeitadamente	Presenta ideas ben expresadas pero con algún erro de expresión ou de contido. Relaciona algunha idea e algún concepto.	Presenta ideas que son expresadas dun xeito pouco claro ou cunha estrutura pouco coherente e pouca relación dos conceptos.	Presenta ideas sen estrutura e sen moita coherencia nin relación entre conceptos.	Presenta algunha idea pero sen estrutura e con pouca coherencia e sen relación. Non utiliza conceptos axeitados
<b>CLARIDADE DE EXPOSICIÓN DAS IDEAS</b>	As ideas están ben estruturadas en parágrafos claramente definidos e acordes coas ideas máis importantes do texto.	A estrutura dos parágrafos está acorde coas ideas do texto.	A estrutura dos parágrafos é sinxela, pero correcta, acorde coas ideas do texto.	A estrutura está pouco definida.	O texto non ten estrutura lóxica nos seus parágrafos, ou non se fai separación de ideas. É un só parágrafo sen estrutura.

<b>REDACCIÓN</b>	O traballo está ben estruturado e cumpre na súa totalidade coa estrutura de introdución, desenvolvemento e conclusión.	O traballo está ben estruturado nun 80% e cumpre na súa totalidade coa estrutura de introdución, desenvolvemento e conclusión.	O traballo está ben estruturado nun 50% e cumpre na súa totalidade coa estrutura de introdución, desenvolvemento e conclusión.	O traballo está ben estruturado nun 50% pero non cumpre coa estrutura de introdución, desenvolvemento e conclusión.	O traballo non está estruturado e ten introdución, desenvolvemento e conclusión.
<b>ORTOGRAFÍA</b>	O texto non presenta erros ortográficos (puntuación, acentuación e gramática).	O texto ten menos de 3 erros ortográficos (puntuación, acentuación e gramática).	O texto ten entre 4 e 6 erros ortográficos (puntuación, acentuación e gramática).	O texto ten entre 6 e 10 erros ortográficos (puntuación, acentuación e gramática).	O texto ten máis de 10 erros ortográficos.
<b>PRESENTACIÓN E LIMPEZA</b>	O traballo está presentado con pulcritude e limpeza.	O traballo está presentado con pulcritude pero ten un risco.	O traballo está presentado con pulcritude pero ten dous ou tres riscos.	O traballo ten dobreces e máis de tres riscos.	O traballo está presentado con un gran número de dobreces e riscos.
<b>EXTENSIÓN</b>	O exercicio escrito adáptase á extensión esixida	O exercicio escrito presenta media páxina máis da extensión esixida.	O exercicio escrito presenta unha páxina máis da extensión esixida.	O exercicio escrito presenta dúas páxinas máis da extensión esixida.	O exercicio escrito presenta máis de dúas páxinas da extensión esixida.

### RÚBRICA PARA AVALIAR A EXPOSICIÓN ORAL E TRABALLOS ORAIS.

	EXCELENTE	AVANZADO	SATISFACTORIO	BÁSICO	MOI BÁSICO / ESCASO
<b>EXPRESIÓN ORAL</b>	Utiliza un vocabulario adecuado e a exposición é coherente.	O vocabulario é adecuado e a exposición é clara.	Fáltalle vocabulario e ten algún problema para expresar correctamente as súas ideas.	Manexa un vocabulario moi básico e ten problemas para transmitir con claridade as súas ideas.	Ten un vocabulario moi básico e non logra transmitir con claridade as súas ideas.

<b>INCLUSIÓN DOS ASPECTOS RELEVANTES</b>	Expón claramente o traballo e achega referencias aos coñecementos traballados.	Expón claramente o traballo, pero non relaciona toda a exposición cos coñecementos traballados.	Expón claramente o traballo, pero non o relaciona cos coñecementos traballados.	Ten dificultade para expoñer o traballo porque non entende os coñecementos traballados.	Non expón o traballo nin coñece os conceptos traballados necesarios para a súa realización.
<b>RECURSOS DIDÁCTICOS</b>	A exposición acompáñase con soportes audiovisuais en diversos formatos, especialmente atractivos e de moita calidade.	Soporte visual adecuado e interesante na súa xusta medida.	Soporte visual adecuado.	Soporte visual non adecuado.	Sen soporte visual.
<b>EXPLICACIÓN DO PLAN DE TRABALLO</b>	Explica cada paso con detalle, con lóxica e cronoloxicamente na orde na que o realizou.	Explica todos os pasos claramente, pero leouse un pouco coa orde.	Explica todos os pasos claramente, pero leouse na orde e foi necesario reorganizalo a través de preguntas.	Presenta dificultade á hora de diferenciar os pasos que deu e necesita axuda para explicalos con claridade.	Non identifica os pasos que deu nin é capaz de reconducir o discurso de forma guiada.
<b>EXPRESIVIDADE</b>	As súas expresividade e entusiasmo e a súa linguaxe corporal xeran un forte interese sobre o tema.	Expresividade, entusiasmo e linguaxe corporal xeran en ocasións interese, aínda que algunhas veces se perde e non presenta toda a información.	Expresividade, entusiasmo e linguaxe corporal xeran nalgunhas ocasións interese, aínda que moitas veces se perde e non presenta toda a información.	Mostrase unha actitude pasiva e non xera moito interese, pero algunhas veces, cando fala de algo que lle gusta moito, é capaz de mostrar algo de entusiasmo.	Actitude pasiva e desinteresada. Non xera interese na forma de falar.
<b>TEMPO</b>	O alumno utilizou o tempo adecuado e cerrou correctamente a presentación.	O alumno utilizou un tempo axustado, pero cun final precipitado ou longo por falta de control do tempo.	O alumno utilizou o tempo adecuado, pero faltoulle cerrar a súa presentación; ou ben non utilizou o tempo adecuado, pero incluíu todos os puntos da súa presentación.	Excesivamente longo ou insuficiente para poder desenvolver o tema correctamente.	O alumno esqueceu por completo o tempo que tiña e saíu do tema.
<b>VOLUME DE VOZ</b>	O seu volume de voz é adecuado, suficientemente alto como para ser escoitado desde todas as partes da aula, sen ter que berrar.	O seu volume de voz é adecuado e alto para ser escoitado por todos, aínda que, ás veces, cando dubida, baixa o volume.	Non é escoitado por toda a aula cando fala en voz alta, agás se se sente moi seguro e aumenta o seu volume de voz por uns segundos.	O seu volume de voz é medio e ten dificultades para ser escoitado por todos na aula.	O seu volume de voz é moi baixo como para ser escoitado por todos na aula.



**RÚBRICA PARA AVALIAR COMENTARIOS DE TEXTO ou COMENTARIOS D MATERIAL AUDIOVISUAL**

	EXCELENTE	AVANZADO	SATISFACTORIO	BÁSICO	MOI BÁSICO / ESCASO
<b>CLARIDADE DE EXPOSICIÓN DAS IDEAS</b>	As ideas están ben estruturadas en parágrafos claramente definidos e acordes coas ideas máis importantes do texto.	A estrutura dos parágrafos está acorde coas ideas do texto.	A estrutura dos parágrafos é sinxela, pero correcta, acorde coas ideas do texto.	A estrutura está pouco definida.	O texto non ten estrutura lóxica nos seus parágrafos ou simplemente non se fai separación de ideas mediante parágrafos, é un só parágrafo sen estrutura.
<b>CRÍTICA</b>	Analiza todas as ideas que expón o autor, establece comparacións con outros autores e textos, e proporciona a súa opinión acerca do tema, fundamentada no coñecemento deste e documentada con outras lecturas.	Analiza todas as ideas que expón o autor, establece comparacións con outros autores e textos, e proporciona a súa opinión acerca do tema, pero non está ben fundamentada no coñecemento deste nin documentada con outras lecturas.	Identifica as ideas do autor, analízalas e desenvólveas pero sen comentarios.	Identifica as ideas do autor, pero non as analiza e non as comprende con claridade.	Non identifica as ideas do autor e mostra confusión de ideas.
<b>FONTE</b>	A fonte está citada correctamente.	A fonte está citada, pero falta un dato.	A fonte está citada, pero faltan algúns datos.	A fonte está citada, pero de xeito incorrecto: inclúe datos que non corresponden e omite outros que si son importantes segundo o establecen as metodoloxías.	A fonte non está citada ou está mal citada, de tal forma que é imposible acceder a ela coa información proporcionada.

<b>GRAMÁTICA E ORTOGRAFÍA</b>	Non hai erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación.	Case non hai erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación.	Existen dous erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación.	Existen tres erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación.	Existen máis de tres erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación.
<b>EXTENSIÓN</b>	A extensión do texto é a adecuada, pois presenta a totalidade de ideas importantes do contido lido, ademais dunha reflexión do alumno.	A extensión do texto é adecuada, pois presenta case a totalidade de ideas importantes do contido.	A extensión do texto é pouco adecuada, pois é lixeiramente curto ou lixeiramente extenso.	A extensión do texto é inadecuada, pois non trata a totalidade das ideas do contido ou ben é máis extenso do conveniente.	A extensión do texto é completamente inadecuada: é demasiado breve ou demasiado extenso.

### RÚBRICA PARA A AVALIACIÓN DUN EXAME

	EXCELENTE	AVANZADO	SATISFACTORIO	BÁSICO	MOI BÁSICO / ESCASO
<b>PRECISIÓN NAS RESPOSTAS</b>	Todas as respostas desenvolven o tema con claridade, precisión e concisión.	Case todas as respostas desenvolven o tema con claridade, precisión e concisión.	A maioría das respostas desenvolven o tema con claridade, precisión e concisión.	Poucas respostas desenvolven o tema con claridade, precisión e concisión.	A maioría das respostas non desenvolven o tema con claridade, precisión e concisión.
<b>VOCABULARIO E CONCEPTOS</b>	Utiliza un vocabulario e conceptos adecuados e a exposición é coherente coas ideas formuladas.	O vocabulario e os conceptos son adecuados e a exposición é clara na presentación das ideas formuladas.	Fáltalle vocabulario e/ou conceptos e ten algún problema para expresar correctamente as súas ideas.	Ten un vocabulario e uns conceptos moi básicos e problemas para transmitir con claridade as súas ideas.	Ten un vocabulario moi básico e non logra transmitir con claridade as súas ideas.
<b>DOMINIO DO TEMA</b>	Mostra coñecemento profundo e dominio total do tema e dos conceptos.	Mostra coñecemento e dominio do tema. Utiliza conceptos axeitados	O coñecemento e o dominio do tema é regular. Os conceptos son poucos ou pouco axeitados	O coñecemento e o dominio do tema é malo. Falta conceptualización	Non mostra coñecemento, conceptualización nin dominio do tema.

<b>NÚMERO DE PREGUNTAS RESPONDIDAS</b>	Todas as preguntas están respondidas.	Respondeu polo menos o 90% das preguntas.	Respondeu polo menos o 80% das preguntas.	Respondeu polo menos o 70% das preguntas.	Respondeu menos do 70% das preguntas.
<b>GRAMÁTICA E ORTOGRAFÍA</b>	Non hai erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación e o texto lese con fluidez.	Case non hai erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación e o texto lese con fluidez.	Hai dous erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación, e o texto ten algunha dificultade para entenderse.	Hai tres erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación, e o texto enténdese con dificultade.	Hai máis de tres erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación, e o texto non se entende.
<b>PRESENTACIÓN</b>	Todas as respostas están presentadas con limpeza e pulcritude.	Case todas as respostas están presentadas con limpeza e pulcritude.	A maioría das respostas están presentadas con limpeza e pulcritude.	Poucas respostas están presentadas con limpeza e pulcritude.	A maioría das respostas non están presentadas con limpeza e pulcritude.

## 9. ORGANIZACIÓN ACTIVIDADES , SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES [INDICE](#)

Non hai alumnado que teña esta materia pendente.

## 10. ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTO PARA ACREDITAR COÑECEMENTOS NECESARIOS NO BACHARELATO [INDICE](#)

Nesta materia non é necesario acreditar coñecementos previos..

## 11. AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR [INDICE](#)

A avaliación inicial realizarase en todos os grupos do centro educativo nas datas que se establezan por parte da CCP do centro.

O obxectivo desta avaliación inicial será dobre:

- a) Por unha parte establecer o nivel de coñecementos previos do alumnado individual e como grupo de clase.
- b) Por outra, a detección de problemas de aprendizaxe ou de competencias básicas do alumnado.

As actividades de **establecemento de coñecementos previos** serán:

- ☞ Actividade pregunta-resposta sobre o tema introducido polo profesorado, co fin de facilitar unha idea precisa sobre de onde se parte.
- ☞ Repaso das nocións xa vistas con anterioridade e consideradas necesarias para a comprensión da unidade, tomando nota das lagoas ou dificultades detectadas.
- ☞ Introducción de cada aspecto teórico aténdose ao seu contexto e á súa importancia para temas actuais e cotiáns, sempre que iso sexa posible.
- ☞ Actividade de definición de conceptos clave por parte do alumnado para reforzar a expresión e a organización e estruturación mental de información.
- ☞ Responder a unha serie de cuestións elaboradas en relación con un texto seleccionado para establecer o grao de comprensión sobre o mesmo.

Os resultados obtidos serán postos en común na sesión de avaliación inicial que se realizará nas datas establecidas pola xefatura de estudos, e aprobadas pola CCP, do centro.

Nesa mesma sesión adoptaranse as decisións consensuadas que se adoptaran para atender as necesidade individuais ou grupais encamiñadas a resolver os problemas de aprendizaxe detectados.

## 12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE [INDICE](#)

Un dos principios básicos que ha ter en conta a intervención educativa é o da individualización, consistente en que o sistema educativo ofrezca a cada alumno e alumna a axuda pedagóxica que necesite en función das súas motivacións, intereses e capacidades de aprendizaxe. Xorde diso a necesidade de atender esta diversidade.

No Bacharelato, etapa na que as diferenzas persoais en capacidades específicas, motivación e intereses adoitan estar bastante definidas, a organización do ensino permite que os propios alumnos e alumnas resolvan esta diversidade mediante a elección de modalidades e optativas. Non obstante, é conveniente dar resposta, xa desde as mesmas materias, a un feito constatable: a diversidade de intereses, motivacións, capacidades e estilos de aprendizaxe que os alumnos e alumnas manifestan.

É preciso, daquela, ter en conta os estilos diferentes de aprendizaxe dos alumnos e alumnas e adoptar as medidas oportunas para afrontar esta diversidade. Hai estudantes reflexivos (detéñense na análise dun problema) e estudantes impulsivos (responden moi rapidamente); estudantes analíticos (pasan lentamente das partes ao todo) e estudantes sintéticos (abordan o tema desde a globalidade); uns traballan durante períodos longos e outros necesitan descansos; algúns necesitan ser reforzados continuamente e outros non; hainos que prefiren traballar sós e hainos que prefiren traballar en pequeno ou gran grupo.

Dar resposta a esta diversidade non é tarefa doada, pero si necesaria, pois a intención última de todo proceso educativo é lograr que os alumnos e alumnas alcancen os obxectivos propostos.

Como actividades de **detección de coñecementos previos** suxerimos:

- Debate e actividade pregunta-resposta sobre o tema introducido polo profesorado, co fin de facilitar unha idea precisa sobre de onde se parte.
- Repaso das nocións xa vistas con anterioridade e consideradas necesarias para a comprensión da unidade, tomando nota das lagoas ou dificultades detectadas.
- Introducción de cada aspecto teórico aténdose ao seu contexto e á súa importancia para temas actuais e cotiáns, sempre que iso sexa posible.

Como actividades **de consolidación** suxerimos:

- Realización de exercicios apropiados e todo o abundantes e variados que sexa preciso, co fin de afianzar os contidos teóricos, culturais e léxicos traballados na unidade.
- Traballo cos textos complementarios de cada unidade para asentir e consolidar os coñecementos adquiridos.

Esta variedade de exercicios cumpre, así mesmo, a finalidade que perseguimos. Coas actividades de recuperación-ampliación, atendemos non só os alumnos e alumnas que presentan problemas no proceso de aprendizaxe, senón tamén aqueles que alcanzaron no tempo previsto os obxectivos propostos.

As distintas formas de agrupamento do alumnado e a súa distribución na aula inflúen, sen dúbida, en todo o proceso. Entendendo o proceso educativo como un desenvolvemento comunicativo, é de grande importancia ter en conta o traballo en grupo, recurso que se aplicará en función das actividades que se vaian realizar —concretamente, por exemplo, nos procesos de análise e comentario de textos—, pois consideramos que a posta en común de conceptos e ideas individuais xera unha dinámica creativa e de interese nos alumnos e alumnas.

Concederáselle, non obstante, grande importancia noutras actividades ao traballo persoal e individual; en concreto, aplicarase nas actividades de síntese/resumo e nas de consolidación, así como nas de recuperación e ampliación.

Teremos que acometer, pois, o tratamento da diversidade no Bacharelato desde dúas vías:

1. A atención á diversidade na programación dos contidos, presentándoos en dúas fases: a información xeral e a información básica, que se tratará mediante esquemas, resumos, paradigmas, etc.
2. A atención á diversidade na programación das actividades. As actividades constitúen un excelente instrumento de atención ás diferenzas individuais dos alumnos e alumnas. A variedade e a abundancia de actividades con distinto nivel de dificultade permiten a adaptación, como dixemos, ás diversas capacidades, intereses e motivacións.

### **13. CONCRECIÓN DE ELEMENTOS TRANSVERSAIS** [INDICE](#)

O tratamento dos diferentes temas transversais nas respectivas unidades didácticas concréntanse na táboa que figura no punto 4.

### **14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES** [INDICE](#)

Realizaranse as actividades complementarias propostas e aprobadas pola CCP e que figuran na Programación Xeral Anual do centro.

Non se propón ningunha actividade extraescolar para o presente curso.

## 15. REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN [INDICE](#)

A revisión, avaliación e posterior modificación da programación realizarase, tal e como é preceptivo, a través da memoria anual de departamento. No centro educativo utilízase para iso un modelo estandarizado, e aprobado no seu día pola CCP do centro, que inclúe unha reflexión sobre a práctica docente.

Sen perxuízo dese modelo, si que conviría que o profesorado deste departamento reflexionase sobre diferentes aspectos da súa práctica docente e sobre o proceso de ensino e aprendizaxe. Para facilitar iso pódense utilizar unha serie de indicadores como os que se propoñen a continuación.

### MOTIVACIÓN DO ALUMNADO

	INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
<b>MOTIVACIÓN DO ALUMNADO</b>	1. Proporciona un plan de traballo ó principio de cada unidade.		
	2. Considera situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...).		
	3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.		
	4. Informa sobre os progresos conseguidos e as dificultades encontradas.		
	5. Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.		
	6. Estimula a participación activa dos estudantes na clase.		
	7. Promove a reflexión dos temas tratados.		

### DESENVOLVEMENTO DA ENSINANZA



	INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
<b>DESENVOLVEMENTO DA ENSIANZA</b>	1. Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas...		
	2. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos...		
	3. Ten predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.		
	4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.		
	5. Utiliza axuda audiovisual ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula.		
	6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.		
	7. Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas.		
	8. Presenta actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.		
	9. Presenta actividades de grupo e individuais.		

**SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSEÑANZA-APRENDIZAXE**

	INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
<b>SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSEÑANZA - APRENDIZAXE</b>	1. Realiza a avaliación inicial ao principio do curso para axustar a programación ó nivel do alumnado.		
	2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.		
	3. Revisa, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela.		
	4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.		
	5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos e das alumnas, e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.		
	6. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos.		
	7. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.		
	8. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente.		
	9. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.		
	10. Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, do nivel dos estudantes, etc.		
	11. Emprega diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais.		